

Plan Xeral atención á diversidade

CEIP Filomena Dato
A Valenzá-Barbadás

ÍNDICE

1. Introducción
2. Marco legal
3. Xustificación baseada no contexto
4. Identificación e valoración das necesidades
5. Determinación dos obxectivos
6. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.
7. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas
8. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro
9. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas
10. Canles de comunicación coas familias dos alumnos/as e cos diferentes servizos externos
11. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.
12. Seguimento, avaliación e mellora do plan

Introdución

Segundo o artigo 10 do decreto 229/2011, do 7 de decembro, de atención á diversidade “o Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento no que se articula a atención á diversidade a que se refire o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado”.

Este PXAD ten por obxecto articular a atención á diversidade do noso alumnado, segundo o decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumna e alumno e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos nas ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE) coas modificacións introducidas pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa.

Ao comezo de cada curso escolar, o departamento de orientación elaborará a proposta da concreción anual deste Plan, coas distintas actuacións e medidas concretas, que debe formar parte da programación xeral anual, de conformidade coas necesidades do centro e os recursos dos que se dispoña (artigo 11.4 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro).

Conforme ao artigo 13.2 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, “ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o Departamento de Orientación de cada centro elaborará a correspondente memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro.”

O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade mentres que o DO será o encargado da súa elaboración.

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

A atención á diversidade rexerase por:

- ✓ Principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.
- ✓ A atención á diversidade abrangue á totalidade do alumnado.
- ✓ Serán prioritarias as accións preventivas e a detección temperá, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa.
- ✓ Priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador.
- ✓ As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.

Marco legal

- Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (BOE do 03/12/2003)
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro (DOG do 26/02/2004)
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do

alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.

- Decreto 120 do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización.
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 21/12/2011).
- Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.
- Circular 10/2010 da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- Protocolo para o tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro autista.
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.

- Protocolo para atención educativa do alumnado con síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.
- Protocolo de atención educativa domiciliaria.
- Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá.
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de xénero.
- Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica.
- Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo en Galicia.
- Protocolo para a prevención e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
- Protocolo para a prevención do risco suicida no ámbito educativo.
- Protocolo de protección de datos.

Xustificación baseada no contexto

O CEIP Filomena Dato conta con 18 unidades, 6 de Educación Infantil e 12 de Primaria. A ratio vense mantendo nos últimos cursos nunha media de 18 alumnos por aula. Conta con servizo complementario de comedor.

O alumnado procede do casco urbano de A Valenzá. Nos últimos anos incrementábase a presenza de alumnado procedente do estranxeiro.

O concello organiza actividades de reforzo para o alumnado no noso centro para os nenos e nenas de Barbadás. A principio de curso apúntanse a petición dos pais e/ou das nais e durante o curso con informe do departamento de orientación.

Como é un centro con xornada única de mañá, polo serán hai actividades extraescolares tres días por semana.

Identificación e valoración das necesidades (Segundo a LOE e LOMCE, Título II Equidade na educación)

A través da avaliación inicial ademáis das avaliacións periódicas trimestrais detectaremos e valoraremos as necesidades educativas. En caso de problemática específica que requira intervención máis individualizada, o titor/a solicitará ao xefe/a do DO a valoración do alumno/a en cuestión. Neste caso os criterios de prioridade para a valoración de alumnos e alumnas derivados ao Departamento de Orientación serán os seguintes:

- 1- Alumnado para os que sexa necesario facer avaliación psicopedagóxica en prazo prefixado (alumnado con necesidades previamente diagnosticadas que precisen revisión por cambio de etapa, alumnado susceptible de ser proposto para un cambio na escolaridade, dictame de escolarización etc.)
- 2- Alumnado expresamente indicado pola Xefatura de Estudos por concurrir neles circunstancias que demanden urxencia na atención.
- 3- Alumnado que presente necesidades educativas especiais (nee) ou sospeita de que podería presentalas.
- 4.- Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, agás nee xa recollidas no punto anterior, atendidos/as segundo recepción da demanda.

Así mesmo, é importante facer fincapé na detección temperá das necesidades específicas de apoio educativo, que fan máis efectiva a resposta educativa e contribúe a aumentar as posibilidades de éxito deste alumnado. A Administración Educativa pon ao noso dispor o Protocolo de coordinación, atención e derivación interinstitucional en atención temperá. Xunta de Galicia.

Actualmente, no noso centro contamos con alumnos/as que presentan as seguintes necesidades:

- Necesidades específicas de apoio educativo, nalgún caso necesidades educativas especiais.
- Dificultades para acadar o nivel lectoescritor correspondente á súa idade.
- Dificultades na área matemática, fundamentalmente no razoamento e resolución de problemas.
- Falta de interese e insuficiente implicación, esforzo e autonomía no estudo.

Obxectivos

- Contemplan medidas xerais e específicas que permitan prever as dificultades e ofertar respostas adecuadas a todo o alumnado.
- Garantir a actuación coordinada de todo o profesorado para a correcta aplicación das medidas de atención a diversidade.
- Proporcionarlle ao alumnado unha resposta educativa adecuada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- Adaptar a resposta educativa ao alumnado con necesidades educativas.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno/a.
- Establecer cauces de colaboración entre os diversos mestres/as que interveñen cos alumnos/as de necesidades educativas especiais.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro para facilitar unha resposta educativa adecuada a todo o alumnado, fundamentalmente aos que presentan necesidades educativas.
- Fomentar a participación dos pais e das nais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Coordinación coas institucións ou organismos externos ao Centro que teñan relación cos nosos alumnos/as.

Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade

Segundo o Decreto 229/2011, do 7 de decembro “enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado”. Estas medidas pode ser ordinarias ou extraordinaria.

ORDINARIAS

“Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como

finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas". (Artigo 8 D. 229/2011, do 7 de decembro).

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao entorno e alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación de tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación
- e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- f) Desdobramentos de grupos.
- g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- h) Programas de enriquecemento curricular.
- i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- j) Programas de recuperación.
- k) Programas específicos personalizados.
- l) Programas de habilidades sociais.

EXTRAORDINARIAS

"Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que

proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.” (Artigo 9 D 229/2011, do 7 de decembro).

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade susceptibles de levalas a cabo en EI e EP, as que seguen:

a) Adaptacións curriculares

b) Agrupamentos flexibles.

c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe: É o apoio temporal dun profesor/a especialista en audición e linguaxe e/ou en pedagogía terapéutica dentro ou fóra da aula ordinaria que ten como destinatarios alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo. Para que se produza este tipo de atención será necesario que así o aconselle o informe da orientadora. A orientadora elevará a proposta de organización da docencia para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo á xefatura de estudos. Para o deseño desta atención teranse en conta os seguintes criterios:

1. Atenderase preferentemente ao alumnado con nee e/ou obxecto dunha AC.
2. Primarase a calidade do apoio limitándose para iso o número de alumnos/as atendidos simultaneamente
3. Evitarase o exceso de horas de permanencia do alumno/a fóra do grupo ordinario.
4. Evitarase a ausencia nas áreas non instrumentais que favorecen a integración.
5. A atención aos alumnos/as fóra da aula deberá compatibilizarse nas áreas obxecto de apoio coa presenza do/a alumno/a na aula ordinaria nestas mesmas áreas co profesorado que as imparte e que será o responsable da avaliación do alumno. Ao remate do curso, o mestre/a de PT e/ou AL elaborará un informe relativo ao apoio realizado.

d) Flexibilización da duración do período de escolarización

e) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

f) Grupos de adquisición das linguas.

g) Grupos de adaptación da competencia curricular.

O Departamento de Orientación deberá asesorar nos procesos de identificación das necesidades educativas do alumnado, na súa valoración, nas

medidas educativas que cómpre adoptar e na súa avaliación para identificar as necesidades educativas que presenta o alumnado e poder fundamentar as correspondentes propostas e decisións.

A avaliación psicopedagóxica será realizada pola xefe/a do departamento de orientación, a petición do mestre/a titor/a, despois de esgotar as medidas ordinarias de atención á diversidade. Esta decisión será comunicada á familia que manifestará a súa conformidade ou desconformidade por escrito (documento anexo). O mestre/a titor/a demandante da avaliación psicopedagóxica deberá cubrir o cuestionario previo a avaliación psicopedagóxica (documento anexo).

Unha vez realizada a avaliación psicopedagóxica o mestre/a titor/a e a familia serán informadas das medidas de atención á diversidade que procedan para conseguir un mellor desenvolvemento académico, persoal, social e cognitivo do alumno/a. O pai/nai ou titor/a legal manifestará por escrito a súa conformidade coas medidas adoptadas (documento anexo).

No informe psicopedagóxico correspondente recolleranse as medidas establecidas para o alumno/a en cuestión en base ás establecidas anteriormente (ordinarias ou extraordinarias).

Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas:

- ⇒ Recibirán reforzo ou apoio os alumnos/as cando se considere que coa atención personalizada do/a titor/a non van lograr superar os obxectivos do nivel.
- ⇒ Os reforzos ou apoios do profesorado de dispoñibilidade horaria serán dentro da aula.
- ⇒ Se o desfase curricular é significativo ou se é preciso agrupar alumnos/as de distintos grupos e/ou niveis, o apoio será fóra da aula.
- ⇒ O horario dos apoios de PT e AL deberán coincidir, preferentemente, coas áreas de matemáticas-ciencias e linguas, respectivamente. No caso de non dar organizado o horario de PT e/ou AL por coincidencia nas horas sinaladas en varios grupos, solicitaráselle ao titor ou titora o cambio de hora das materias.

- ⇒ O horario de apoio determinarase a comezo de curso nunha reunión da orientadora cos/as especialistas de PT e AL para atender ao alumnado que xa quedou determinado do curso anterior. As novas necesidades concretarase nos meses de setembro e outubro despois das avaliacións iniciais do profesorado e da valoración da xefa do departamento de orientación, así como ao longo do curso segundo vaian xurdindo.
- ⇒ O alumnado con adaptacións do currículo recibirá apoio un máximo de 8 horas fóra da súa aula ordinaria.
- ⇒ Os pais/nais ou tutores/as legais dos alumnos/as que reciben apoio fóra da súa aula ordinaria serán informados do horario de reforzo e dos obxectivos que se pretenden con el/a.

Apoios de P.T.

Priorización deste apoio:

- ⇒ Alumnado con necesidades educativas especiais con adaptación curricular significativa e/ou discapacidade recoñecida.
- ⇒ Alumnado con necesidades educativas especiais con discapacidade recoñecida.
- ⇒ Alumnado de menor idade e maior grao de discapacidade.
- ⇒ Alumnado con trastorno grave de conduta.
- ⇒ Alumnado pertencente ao grupo de NEAE, a excepción dos alumnos/as con NEE, priorizando cada caso en función das necesidades manifestadas e recollidas no correspondente informe psicopedagóxico.

Apoios de A.L.:

Priorización deste apoio:

- ⑩ Alumnado con necesidades educativas especiais con adaptación curricular significativa, discapacidade recoñecida e sen linguaxe oral.
- ⑩ Alumnado con necesidades educativas especiais con discapacidade recoñecida e sen linguaxe oral.
- ⑩ Alumnado con trastornos graves de adquisición da linguaxe oral.
- ⑩ Alumnado con trastornos psicolingüísticos articulatorios. Neste caso, terán prioridade :

- a) Os alumnos/as que xa acoden á reeducación da linguaxe.
- b) O alumnado de 1º e 2º de E. Primaria.
- c) O alumnado de 6º nivel de E. Infantil.
- d) O alumnado de 5º nivel de E. Infantil.

En base ao establecido nos informes psicopedagóxicos ou nos informes de avaliación de audición e linguaxe, os especialistas de PT e AL realizarán un programa de intervención específico para cada alumno/a que reciba atención por parte súa. A avaliación deses programas será trimestral no seguimento psicopedagóxico realizado nas reunións de coordinación entre a xefa do DO e os/as especialistas de PT e AL. A avaliación final realizarase en xuño e as conclusións recolleranse nun informe no que se indicarán as propostas para o curso seguinte.

Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro

1. Titoras e titores:

As *titoras e titores* contribúen neste Plan mediante a:

- ❖ Participación no desenvolvemento do P.A.T. e das actividades de orientación baixo a coordinación do xefe/a de estudos e a colaboración do/a xefe/a do departamento de orientación.
- ❖ Avaliación inicial do nivel de competencia curricular dos alumnos e alumnas en colaboración co departamento de orientación do centro
- ❖ Detección de posibles necesidades educativas especiais despois da avaliación inicial.
- ❖ Comunicación á xefatura de estudos e á xefatura do departamento de orientación dos casos detectados para iniciar a avaliación e articular a continuación as medidas pedagóxicas necesarias.
- ❖ Colaborar coa xefatura do D.O. na avaliación psicopedagóxica.
- ❖ Facilitar a integración dos alumnos/as no grupo
- ❖ Fomentar a participación nas actividades do centro.

- ❖ Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos /as coa/ xefe/a do D.O e adoptar a decisión que proceda acerca da súa promoción interciclo
- ❖ Informar aos pais / nais e mestres /as dos alumnos / as con n.e.e. sobre todo o que lles afecte en relación coas actividades docentes e rendimento académico.
- ❖ Elaboración de ACIs.

2. Mestre/a de Pedagogía Terapéutica e de audición e linguaxe:

As funcións dos/as mestre/as de P.T. e de A.L. segundo o noso PAD serán:

- ❖ Colaboración cos titores / as na atención ao alumnado de n.e.a.e.
- ❖ Participación cos titores /as e coa xefa do D.O. na valoración das n.e.e.
- ❖ Coordinarse cos titores /as e xefa do D.O. para a elaboración, seguimento e avaliación das ACs significativas nas que teña unha actuación directa.
- ❖ Intervención directa cos alumnos /as con n.e.a.e.
- ❖ Participación activa nas reunións de niveis, avaliacións e departamento de orientación.
- ❖ Elaborar o informe final do alumno/a que atende coa previsión de apoios e medidas que considere precisas de cara ao curso seguinte
- ❖ Realización de intervencións directas de apoio logopédico a alumnos /as con:
 - Trastornos da linguaxe
 - Trastornos da fala que teñan incidencia nas aprendizaxes de lecto-escritura.

3. Equipo directivo:

As funcións do equipo directivo segundo este Plan consisten en :

- ❖ Habilitar os recursos adecuados para a atención individualizada dos alumnos /as con n.e.e.

- ❖ Coordinación con todos os profesionais que participan na aplicación do Plan.
- ❖ Facilitar e garantir a coordinación entre os profesionais que atenden ao alumnado con nee.
- ❖ Garantizar o desenvolvemento, seguimento e avaliación deste PAD.
- ❖ Adecuar a estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos,...) para dar resposta ás necesidades do alumnado.

4. Departamento de orientación:

Teñen como funcións prioritarias:

- ❖ Asesorar e aportar materiais para o desenvolvemento do P.A.T.
- ❖ Realizar a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con n.e.a.e.
- ❖ Elaborar estratexias específicas para a atención á diversidade.
- ❖ Asesorar dende a Comisión Pedagóxica os obxectivos de ciclo/nivel, criterios de avaliación, criterios mínimos de avaliación e criterios de promoción.
- ❖ Orientar sobre a proposta curricular.
- ❖ Asesoramento sobre as posibilidades de apoio e a temporalización do mesmo
- ❖ Asesoramento ás titoras/es para a elaboración de ACS, seguimento do proceso e avaliación
- ❖ Información á familia sobre os resultados da avaliación psicopedagóxica e sobre a adopción das medidas educativas que se derivan da mesma.
- ❖ Coordinación e colaboración coa mestra de PT, AL e xefa de estudos no deseño de medidas que faciliten unha resposta diversificada na aula.
- ❖ Deseño de actividades que permitan que cada alumno /a traballe segundo o seu nivel de competencia curricular.
- ❖ Facilitar aos titores /as estratexias para o acceso dos alumnos/as ás diferentes etapas e a promoción interciclos.

- ❖ Fomentar a cooperación familia-escola.
- ❖ Coordinación e colaboración con outros servizos externos á escola

Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas

Coordinación entre educación infantil e educación primaria

O paso da etapa de educación infantil a primaria supón un cambio importante para o alumnado a todos os niveis: cambian os mestres/as, os espazos, a distribución do tempo, a metodoloxía de traballo, as rutinas da clase, os materiais e os recursos... polo tanto, é moi necesario coordinar o paso dunha etapa á seguinte coa participación do profesorado de educación infantil e o do primeiro curso de educación primaria en relación ás actividades, os materiais, os recursos, os agrupamentos, os espazos, metodoloxía xeral, proceso lecto-escritor... que se recollerá na programación didáctica. Esta coordinación realizarase a través das reunións de equipo de ciclo-equipo de mestres/as, sen esquecer a importancia da información que se traslada na documentación do alumno/a: documentos oficiais de avaliación e, se é o caso, informes do orientador/a, do profesor/a de PT e/ou de AL e informes de servizos externos dos que se dispoña.

Coordinación entre cursos na educación primaria

A coordinación entre os distintos cursos de educación primaria é fundamental para o desenvolvemento dunha liña de traballo continua e sistemática na que todos rememos na mesma dirección na procura da eficiencia e eficacia da acción educativa. Así, é necesario coordinar aspectos tan importantes como a avaliación, promoción, atención á diversidade, convivencia... Esta coordinación realizarase a través das reunións dos equipos de mestres/as, sen esquecer a importancia da información que se traslada na documentación do alumno/a: documentos oficiais de avaliación e, se é o caso, informes do orientador/a, do profesor/a de PT e/ou de AL e informes de servizos externos dos que se dispoña.

Coordinación entre educación primaria e educación secundaria obrigatoria

No Decreto 229/2011, art. 41.3. establécese que: “O plan xeral de atención á diversidade deberá especificar os mecanismos de coordinación entre as distintas etapas e entre os centros educativos implicados”.

Desenvolverase, polo tanto, o Programa de Preparación para a ESO en coordinación co IES Xesús Ferro Couselo, destinado á preparación do alumnado que vai rematar a súa etapa formativa no centro incorporándose ao instituto para iniciar no próximo curso a educación secundaria obrigatoria e a facilitar información e apoio ás familias que tamén se ven afectadas polos cambios que isto leva consigo. As actuacións máis destacadas desta coordinación son: xornada de portas abertas en xuño, algunha visita ao IES.

Ademais, coa finalidade de facilitar o intercambio da información máis relevante sobre o alumnado que finaliza a etapa de educación primaria establecece, complementando a preceptiva remisión de documentación que forma parte do expediente do alumno/a, unha reunión no mes de maio na que participarán os xefes/as de estudos e orientador/a do noso centro e do IES Xesús Ferro Couselo e os titores/as de 6º de educación primaria. Nesta reunión intentarase analizar a traxectoria educativa de cada alumno/a incidindo fundamentalmente en:

- Principais logros e dificultades educativas
- Circunstancias que poden afectar ao rendemento escolar: absentismo, pasividade, cumprimento das normas, responsabilidade, autocontrol, motivación, sociabilidade, etc.
- Nivel de competencia especialmente nas áreas instrumentais.
- Medidas de atención á diversidade que se aplicaron e a eficacia das mesmas.

Canles de comunicación coas familias dos alumnos/as e cos diferentes servizos externos

Os pais/nais participarán como colectivo no centro educativo a través do Consello Escolar e a ANPA e, a título particular, terán estreito contacto cos profesionais do centro relacionados co desenvolvemento educativo dos seus fillos e fillas, especialmente cos titores/as. O centro educativo debe facilitar e potenciar

que isto se faga efectivo no seu día a día a través das reunións de titoría grupal coas familias, a atención individual a pais/nais os martes de 17:30 a 18:30h previa cita, das circulares informativas a través do AbalarMóbil, da atención individual do equipo directivo no horario establecido a tal fin e tamén a través da atención individual do/a orientador/a solicitando cita previa. A través do concello impártense talleres no cole na Escola de Familias.

O centro potenciará a necesaria colaboración con servizos externos como EOE, servizos médicos, Servizos Sociais, asociacións sen ánimos de lucro, gabinetes psicopedagóxicos... establecendo reunións no noso centro cos citados servizos sempre que sexa posible. No seu defecto, a través do correo electrónico do centro ou vía telefónica contando sempre coa autorización familiar en cumprimento do establecido na Lei Orgánica 15/1999 de Protección de datos de carácter persoal así coma no Protocolo de protección de datos publicado pola Xunta de Galicia (documento anexo).

Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias

Recóllense de seguido os documentos correspondentes á solicitude e/ou autorización/información das medidas extraordinarias de atención á diversidade:



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP Filomena Dato
Departamento de Orientación

Rúa do Ensino nº 4, A Valenzá, 32002 Ourense Tfno 988244869

1.-DATOS DE IDENTIDADE

Nome e apelidos do alumno/a:

Curso:

Lugar e data de nacemento:

Idade:

Motivo da demanda:

2.- DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE:

Características físicas e sensoriais. Aspectos de desenvolvemento. Datos relevantes e informes previos.

3.- DATOS PSICOSOCIAIS:

Madurez intelectual, aptitudes, personalidade, intereses, adaptación persoal e social, autonomía. Facer constar se ten minusvalía ou sobredotación. Situacións problemáticas no seu desenvolvemento.

4.- DATOS DO CONTORNO SOCIOFAMILIAR: nº de irmáns e lugar que ocupa, familiares que conviven na casa, problemas de hábitos de alimentación, orde, soño, ciumes.... Comprensión e aceptación do problema. Recursos familiares para atender as necesidades do fillo. Relacións familia-titor-centro. Lingua de aprendizaxe.

5.- DATOS DO CONTORNO ESCOLAR: historial académico, escolarización anterior e avaliación. Escolarización actual (avaliación e apoios internos/externos). Organización da aula para atender á diversidade. Recursos pesonais e materiais. Estratexias utilizadas ata agora. Informes psicopedagóxicos previos,...

6.- DATOS PEDAGÓXICOS: **competencia curricular actual** do alumno en relación ao currículo de referencia, que é quen de facer nas áreas fundamentais. Nivel de socialización e integración.

Estilo de aprendizaxe: agrupamento óptimo, intereses, autoconcepto e autoestima, atención, memorización, estratexias de resolución de tarefas, perseverancia e ritmo de aprendizaxe, habilidade para formular e resolver problemas, áreas e actividades que prefire.

Necesidades educativas especiais: dificultades en relación ao currículo de referencia.

A Valenzá, ____ de _____ de 20__

O/A profesor/a titor/a



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP Filomena Dato
Departamento de Orientación

Rúa do Ensino nº 4, A Valenzá, 32002 Ourense Tfno 988244869

Don/a.....con DNI nº.....

pai/nai ou titor/a de..... alumno/a
de..... curso de infantil/primaria

Estou informado/a da necesidade de realizar unha avaliación psicopedagóxica do alumno/a, tal como se recolle no Decreto 229/2011 do 7 de decembro (DOG do 21-12-2011), artigo 33.4. Esta será levada a cabo polo/a xefe/a do Departamento de Orientación co fin de avaliar as necesidades educativas que poida presentar o meu fillo/a e que permitan a posterior adopción das medidas de atención educativa oportunas.

Como pai/nai-titor/a, asino a presente.

A Valenzá a..... de.....de 20....

Pai/nai, titor/a:



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP Filomena Dato
Departamento de Orientación

Rúa do Ensino nº 4, A Valenzá, 32002 Ourense Tfno 988244869

COMUNICADO DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Don/a.....con DNI nº.....

pai/nai ou titor/a de..... alumno/a
de..... curso de infantil/primaria, manifesta estar informado e de acordo en
que se lle apliquen as medidas de atención educativa adoptadas para procurar
un mellor desenvolvemento académico.

As ditas medidas adoptadas, que se levaran a cabo dentro ou fóra da aula
ordinaria son:

- Sesións de pedagogía terapéutica (PT): _____
- Sesións de audición e linguaxe (AL): _____

O que asino aos efectos oportunos.

A Valenzá, __ de _____ de 20

Asdo.: _____

(Pai/nai)

Seguimento, avaliación e mellora do plan.

O desenvolvemento, seguimento e avaliación do PXAD correspóndelle ao equipo directivo do centro. Avaliarase os resultados obtidos polo alumnado e o plan propiamente dito.

Nas reunións de avaliación e ao final de cada curso analizarase a súa adecuación á realidade do centro e deseñaranse as modificacións precisas en canto ao alumnado e recursos humanos e materias previstos para o curso seguinte.

Pasos a seguir: análise e avaliación nas reunións de ciclo/nivel, posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica, inclusión das valoracións na memoria final do DO e á súa vez na memoria final do centro.

A revisión do Plan de Atención á Diversidade realizarase a principio de curso. A xefatura do departamento de orientación, atendendo ás conclusións obtidas na avaliación final do curso anterior, elaborará a proposta de concreción anual que formará parte da programación xeral anual.

Anexos



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP Filomena Dato
Departamento de Orientación

Rúa do Ensino nº 4, A Valenzá, 32002 Ourense Tfno 988244869

AUTORIZACIÓN PARA INTERVENCIÓN EOE

Alumno/a:

Nivel/Ciclo/Etapa:

D/D^a.....

Con DNI.....pai/nai ou titor/a legal (risque o que non proceda) deste /a alumno/a, fun informado/a que ante as necesidades educativas que presenta o meu fillo/a se considera conveniente solicitar:

- Intervención do Equipo de Orientación Específico

Polo que:

- Manifesto a miña conformidade.
- Manifesto a miña desconformidade

A Valenzá,de.....de 20

O /a pai /nai, ou titor/a legal

(Sinatura)



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP Filomena Dato
Departamento de Orientación

Rúa do Ensino nº 4, A Valenzá, 32002 Ourense Tfno 988244869

CONFORMIDADE DA FAMILIA PARA REALIZACIÓN DE ADAPTACIÓN CURRICULAR

Alumno/a:

Curso/Etapa:

D

D^a

Con DNI _____ e _____ pai/nai deste /a alumno/a, fomos informado/as das necesidades educativas que presenta o noso/a fillo/a e estamos de acordo en que se lle apliquen as medidas de atención educativa que se indican a continuación, conducentes ao seu mellor desenvolvemento académico, persoal, social e cognitivo.

- Adaptación curricular

Polo que:

- Expresamos a nosa conformidade.
- Manifestamos a nosa desconformidade (declaramos que fomos debidamente informado/a da necesidade desta medida de atención á diversidade)

A Valenzá,de.....de 20

O pai

A nai

(Sinatura)

(Sinatura)



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP Filomena Dato
Departamento de Orientación

Rúa do Ensino nº 4, A Valenzá, 32002 Ourense Tfno 988244869

**CONFORMIDADE DA FAMILIA PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: FLEXIBILIZACIÓN DA ESCOLARIDADE**

Alumno/a:

Curso/Etapa:

D

D^a

Con DNI _____ e _____ pai e nai ou titores legais deste /a alumno/a, fomos informados das necesidades educativas que presenta o noso fillo/a e estamos de acordo en que se lle apliquen as medidas de atención educativa que se indican a continuación, conducentes ao seu mellor desenvolvemento académico, persoal, social e cognitivo.

FLEXIBILIZACIÓN DA ESCOLARIDADE para que permaneza un ano máis en

(Orde de 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a flexibilización da escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais (DOG de 30/01/2003) e Decreto 229/2011 de 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica de Educación, de 3 de maio (DOG de 21 /12/2011).

Polo que:

- Expresamos a nosa conformidade.
- Manifestamos a nosa desconformidade (declaramos que fomos debidamente informado/a da necesidade desta medida de atención á diversidade)

A Valenzá,de.....de 20

O/a pai, a nai, ou titor/a legal



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP Filomena Dato
Departamento de Orientación

Rúa do Ensino nº 4, A Valenzá, 32002 Ourense Tfno 988244869

**OPINIÓN DOS PAIS/TITORES LEGAIS
SOBRE A PROPOSTA DE ESCOLARIZACIÓN**

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO ALUMNO

Nome	
Data de nacemento	
Idade	
Centro no que se atopa escolarizado	CEIP Filomena Dato
Nivel no que se atopa matriculado	
Curso para o que se fai o ditame de escolarización	
Data da comunicación aos pais	
Proposta de escolarización	

Segundo o artigo 20.3 do *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, a escolarización dos alumnos en unidades de educación especial deberá contar coa manifestación por escrito da vontade do pai, nai ou titores legais. Así mesmo, e de conformidade co artigo 35 da *Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais*, unha vez realizada a avaliación psicopedagóxica, e elaborado o correspondente informe,

Os titores legais, á vista da presente proposta de escolarización feita polo Departamento de Orientación

- Centro Ordinario con apoios variables**
- Centro Ordinario: Aula específica combinada con aula ordinaria**
- Centro Ordinario combinado con Centro Educación Especial**
- Centro educación especial**

amosan a súa

- conformidade**
- disconformidade**

A Valenzá, de de 20

O pai e nai/Os titores legais

Asdo.:

DNI:



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP Filomena Dato
Departamento de Orientación

Rúa do Ensino nº 4, A Valenzá, 32002 Ourense Tfno 988244869

AUTORIZACION PARA INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN

Alumno/a:

Nivel/Ciclo/Etapa:

D/D^a.....

Con DNI.....pai/nai ou titor/a legal (risque o que non proceda) deste /a alumno/a, dou o meu consentimento para que dende o Departamento de Orientación do centro se poñan en contacto cos servizos externos aos que asiste o meu fillo/a (AT do CHUO, Saúde Mental CHUO, organismos oficiais, gabinetes psicopedagóxicos) para intercambio de información (Lei Orgánica 15/1999 de Protección de datos de carácter persoal).

A Valenzá,de.....de 20

O /a pai /nai, ou titor/a legal

(Sinatura)